

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016066	CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro	O Carballiño	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	2º Pri.	5	175

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	7
3.1. Relación de unidades didácticas	8
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	45
4.2. Materiais e recursos didácticos	46
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	47
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	47
6. Medidas de atención á diversidade	49
7.1. Concreción dos elementos transversais	50
7.2. Actividades complementarias	52
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	53
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	55
9. Outros apartados	55

1. Introducción

Neste documento expónse a programación didáctica para área de Matemáticas en 2.º de Educación Primaria. Dita programación realízouse para planificar o traballo docente durante o curso lectivo, organizando o proceso de aprendizaxe dos alumnos tanto a nivel temporal como no ámbito dos obxectivos, contidos e metodoloxías a utilizar que se exporán ao longo de presente documento.

Para a elaboración desta programación teremos en conta as instrucións da Orde do 8 de maio de 2025 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025/26 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia e a elaboración da concreción curricular (Resolución do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2025/26). Ademais do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta programación, ademais de seguir a lexislación vixente en materia de educación (ver apartado correspondente), relacionase directamente co Plan Xeral do Centro, aprobado polo claustro e consello escolar. Neste ámbito integra dentro da mesma os distintos plans ou documentos aos que fai referencia o documento anterior coma son o Plan Dixital, o Plan de Biblioteca, o Proxecto Lector, o Plan de Convivencia, etc... dedicándolle un apartado nesta mesma programación onde se describe a implicación desta materia nos mesmos.

1.1. A ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A finalidade da Educación Primaria é facilitar aos alumnos e as alumnas as aprendizaxes de:

- A expresión e comprensión oral.
- A lectura.
- A escritura.
- O cálculo.
- As habilidades lóxicas e matemáticas.
- A adquisición de nocións básicas da cultura.
- O hábito de convivencia.
- Os hábitos de estudo e traballo.
- O sentido artístico.
- A creatividade.
- A afectividade.

Co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparalos para cursar con aproveitamento a Educación Secundaria Obrigatoria.

Principios pedagóxicos da etapa

- A Educación Primaria pretende desenvolver e asentir progresivamente as bases que faciliten a cada alumno ou alumna unha adecuada adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para esta etapa.

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns das áreas da etapa.

- Transversalmente, desde todas as áreas promoverase a igualdade entre homes e mulleres, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. Así mesmo, poñerase especial atención á orientación educativa, a educación emocional e en valores e á potenciación da aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

- A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado cunha perspectiva global e adaptarse aos seus ritmos de traballo.

- Fomentarase o hábito e o dominio da lectura dedicando un tempo diario á mesma, mediante o fomento da lectura e de alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes e contarase, sempre que sexa posible, coa colaboración das familias ou titores legais ou voluntariado.

- Para intensificar o fomento da integración das competencias, realizaranse proxectos significativos para o alumnado que resolverán tanto individualmente como de forma colaborativa, reforzando deste xeito a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- No proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira priorizarase a comprensión, a expresión e a interacción oral,

utilizando a/s lingua/s materna/s só como apoio.

1.2. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

1.2.1. XUSTIFICACIÓN XERAL DA PROGRAMACIÓN

O obxectivo desta programación é planificar e organizar a acción docente ao longo do curso 2025/2026. Dirixir a aprendizaxe dos alumnos e as alumnas na materia de Matemáticas e ser unha guía que permita a eficiente transmisión de coñecementos ao alumnado e a mellor comprensión e asimilación destes.

Ter presente en todo momento a programación anual evita problemas derivados dunha actuación improvisada e/ou rutineira. Polo tanto, planificación e diseño da mesma deber ter en conta os diferentes aspectos a ter en conta, metas (competencias e obxectivos); os coñecementos, procedementos e condutas sobre os que imos traballar (contidos); as estratexias, métodos, actividades, instrumentos e medios que axudarán a conseguilo (metodoloxía); e, finalmente, o modo no que imos contrastar que o proceso que deseñamos serve para conseguir o que pretendemos (avaliación).

É evidente que o grupo de alumnos que nos atopamos nun aula non é homoxéneo e isto ten que contemplarse na programación didáctica, tendo en conta as súas características, a súa contorna, os seus intereses, as súas capacidades, etc.

E, dado que as características dos alumnos non son uniformes, a programación expón as medidas de atención á diversidade en coordinación co departamento de orientación para que os alumnos/as que o precisen poidan alcanzar os obxectivos e competencias do currículo ou ampliar os mesmos, no caso de altas capacidades.

1.2.2. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN PARA A ÁREA DE MATEMÁTICAS EN 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

As matemáticas xogan un papel indispensable na nosa sociedade, forman parte do noso acervo cultural e están presentes en calquera actividade humana. O seu carácter instrumental vincúlalos á maioría das áreas do coñecemento: ciencias naturais, enxeñería, tecnoloxía, ciencias sociais ou arte (música, arquitectura, cinema...). Ademais, as matemáticas teñen un valor propio, son un conxunto de ideas e formas de actuar que permiten coñecer e estruturar a realidade, analizar e obter nova información con conclusións que inicialmente non estaban explícitas. As matemáticas integran características como o dominio do espazo, o tempo, a proporción, a optimización de recursos, a análise de incerteza ou xestión de tecnoloxía dixital; promoven o razoamento, a argumentación, a comunicación, pola súa veracidade, toma de decisións ou creatividade. Na era da información e a comunicación, as habilidades no manexo e xestión de datos e información, así como pensamento computacional; a achega matemática é boa para o desenvolvemento de ambos. O desenvolvemento curricular da área de Matemáticas está orientado ao logro do propósito da educación primaria e presta especial atención ao desenvolvemento e adquisición de habilidades crave conceptualizadas no perfil de competencias que os estudantes deben lograr ao final esta etapa, e cuxos descriptors constituíron o marco de referencia para a definición dos obxectivos de área.

A área está organizada en seis procesos matemáticos:

- Sentido numérico.
- Sentido da medida.
- Sentido espacial
- Sentido algebraico e pensamento computacional.
- Sentido estocástico.
- Sentido socioemocional.

A resolución de problemas e as habilidades socioemocionais son os piares da aprendizaxe das matemáticas. Por tanto, o seu ensino debe ser priorizada sobre outros aspectos en termos de tempo e atención que requirirán a súa abordaxe na aula.

1.3. CONTEXTUALIZACIÓN

O Colexio Plurilingüe Vila do Arenteiro é un centro concertado (centro privado sostido con fondos públicos) que se atopa na Urbanización de Corzos dentro do termo municipal de O Carballiño (a menos de 2 km. do seu centro urbano) pero é limítrofe co concello de Maside, xa que a vía que pasa por diante e unha pequena parte da superficie que ocupa pertencen a este segundo Concello.

A súa oferta educativa é a seguinte:

Escola Infantil (Educación Infantil de 0 a 3 anos).

- Educación Infantil de 3 a 6 anos.
- Educación Primaria.
- Educación Secundaria.
- Tres aulas de Ed. Especial.
 - 2 Aulas de Psíquicos.
 - 1 Aula de Plurideficientes.

O centro educativo so ten unha liña que engloba dende 4º de Educación Infantil (3 anos) ata 4º de Educación Secundaria.

A maior parte dos alumnos que entran na etapa de Educación Primaria proveñen da Etapa de Educación Infantil realizada no propio centro.

A urbanización na que se atopa e unha zona residencial formadas preferentemente por vivendas individuais (chalet), contando cunha zona común de espacemento e un ximnasio privado con piscina climatizada. É limítrofe co Polígono Industrial da Uceira e a menos dun kilómetro dispón de dúas superficies comerciais dedicadas a alimentación.

A características da súa localización e que é unha edificación de dúas plantas nun paraxe natural idóneo para o contacto do alumnado coa natureza debido as amplas zonas axardinadas no seu interior e estar rodeado de zonas boscosas e praderío.

O centro dispón de dúas pistas deportivas, un pavillón cuberto e espazo para o entretemento nos momentos de lecer (recreos). Posúe laboratorio, sala de informática, comedor, biblioteca, aula de audiovisuais e de idiomas.

O nivel socio-cultural da poboación escolar é medio-alto; as familias compóñense por un ou dous proxenitores ao redor dos 35-40 anos de idade, cun ou dous fillos, xeralmente. É reseñable o incremento de novas formas de familia distintas á tradicional. A maioría de pais e nais do alumnado traballa fóra de casa. Moitos deles son profesionais liberais, funcionarios, profesores, comerciais, administrativos, etc. A maior parte ten unha formación media e moitos dispoñen de estudos universitarios, valoran positivamente a formación académica e cultural dos seus fillos e colaboran co centro.

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) adoita encargarse dalgúns actividades como é a campaña de igualdade ou a recollida de xoguetes para os máis necesitados, tamén fomenta a lectura con sorteo de libros nas datas sinaladas.

O centro funciona con horario de mañá e tarde conforme ao horario exposto no apartado correspondente. As actividades deportivas e extraescolares desenvólvense os xoves e venres pola tarde.

O edificio consta de dúas plantas e catro zonas ben diferenciadas. No lateral dereito, visto dende a entrada, está a Escola Infantil e as tres aulas de Educación Infantil, no lateral dereito están as aulas de Educación Primaria e o acceso ao pabillón. No centro de dita planta baixa está a cociña e o comedor escolar, sendo os laterais da entrada os correspondentes a dirección e sala de profesores (dereita) e aula de Logopeda, Audición e Linguaxe e aula de Pedagogía Terapéutica. Na planta superior, na parte central están as aulas de Educación Secundaria, Informática e Tecnoloxía (parte posterior) e Biblioteca e aula de Inglés (anterior). No lateral esquerdo da parte superior está o Laboratorio, as dúas aulas de Pedagogía Terapéutica, Apoio e Audiovisual.

O centro dispón dun espazo web (www.viladoarenteiro.com), como aula virtual para cada materia e grupo utiliza a plataforma G-Suite e Educamos para a comunicación cos pais onde mediante o seu nome de usuario e contraseña os alumnos ou pais (dependendo da plataforma) poden acceder e consultar as diferentes propostas dos profesores ou dirección do centro (véxase o epígrafe Plan Dixital do Centro). As aulas de clase son todas exteriores, ben iluminadas e ventiladas, e dispoñen do mobiliario e os materiais axeitados para o uso. Cada aula conta cun taboleiro dixital para apoio educativo. As instalacións exteriores son o patio, un ximnasio cuberto e dúas pistas de deportivas.

1.4. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O alumno de Segundo de Primaria está caracterizado por unha serie de trazos evolutivos que afectan o seu desenvolvemento cognitivo, motriz, afectivo social e lingüístico.

Dimensión cognitiva.- Atópanse nun período de transición, accedendo ao estadio das operacións concretas (Piaget). Necesitan da manipulación para chegar á adquisición de conceptos, van coñecendo a través da súa experiencia persoal, observación- experimentación-solución. O seu pensamento é sincrético e analóxico, polo que establecen analogías sen realizar análise nin deducións. Van adquirindo o pensamento causal para a explicación dos feitos. Presentan características do pensamento máxico e superación progresiva do egocentrismo.

Dimensión afectivo-social.- Teñen aínda unha forte dependencia das súas figuras próximas, melloran o seu control emocional. Están a desenvolver o seu proceso de socialización, posúen os hábitos básicos para a vida en grupo, polo que van sendo capaces de entender e respectar as normas de convivencia. Inician un maior achegamento aos compañeiros e presentan unha maior dependencia deles. Tamén aumenta o interese polos xogos regrados, nos que se comparten normas cos demais. Van afianzando o seu autoconcepto e autoestima, moi influenciados pola imaxe que lle transmiten os demais.

Dimensión psicomotriz.- Están a consolidar o seu esquema corporal, afirmando a lateralidade, perfeccionando a psicomotricidade fina e grossa, van adquirindo progresivamente independencia dos segmentos corporais. A organización espacial e temporal está respectivamente relacionadas co seu corpo e as súas experiencias persoais.

Dimensión lingüística.- As experiencias que lle ofrecen a escola e os amigos, o acceso aos medios de comunicación e á lectura proporcionan ao alumno gran variedade de modelos e usos da linguaxe. Aprenden a variar o rexistro en función do contexto, a situación e os interlocutores. Adquiren novo vocabulario, logrando a ampliación e dominio do repertorio fonético, e unha mellora significativa da competencia lectora. Diminúen as formas demostrativas de egocentrismo.

En liña co anteriormente exposto, os principios metodolóxicos que van orientar a nosa práctica educativa en Primeiro de Primaria son os seguintes:

Metodoloxía activa

Supón atender a dous aspectos intimamente relacionados:

- Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
- Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de Ensenanza/Aprendizaxe.

Motivación.- Consideramos fundamental neste ámbito partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo e a activa participación das familias na dinámica escolar.

Autonomía na aprendizaxe.- Como consecuencia dos dous puntos anteriores, a metodoloxía favorece a maior participación dos alumnos. Concrétase nos seguintes aspectos:

- A utilización dunha linguaxe sinxela, claro e estruturado na presentación dos novos contidos.
- A gradación das actividades, en función do grao de habilidade e autonomía que requiren.
- A énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe, que inclúen unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudo e unha revisión final.

Programación cíclica.- Integrada nos obxectivos xerais da etapa; e unha rigorosa selección dos contidos, que reforzan o aprendido anteriormente e abren o coñecemento cara a novos temas.

Atención á diversidade do alumnado.- Tendo sempre en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, así como os seus distintos intereses e motivacións.

Sensibilidade pola educación en valores.- O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización do alumnado fai obrigada a educación en valores. Esta contéplase na presentación explícita de actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da natureza, a convivencia.

Avaliación do proceso educativo.- A avaliación do proceso educativo entendemos que ha de ser global, abarcando todos os aspectos do proceso educativo e propiciando a retroalimentación, con achega de informacións relevantes que permiten reestructurar a programación cando sexa preciso.

Este curso a clase está formada por 11 alumnos e alumnas.

1.5. MARCO LEGAL

A programación seguindo a normativa exposta a continuación.

- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDE do 8 de maio de 2025 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025/26 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2025/26.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- LOE Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio.
- LEI ORGÁNICA 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (na súa versión consolidada).
- LOMLOE Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- REAL DECRETO 476/2013, do 21 de xuño, polo que se regulan as condicións de cualificación e formación que deben posuír os mestres dos centros privados de Educación Infantil e de Educación Primaria.

1.7. HORARIO

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:40 - 10:30	9:40 - 10:30	9:40 - 10:30	9:40 - 10:30	9:40 - 10:30

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		2-3	2-4
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			1-3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrita, gráfica, multimodal e a terminoloxía matemática apropiadas, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas	1-2-3-5		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	VAMOS DE EXCURSIÓN	Nesta unidade do curso ponse o foco na diferenciación e equivalencia entre as decenas e as unidades. Deste xeito, vai facilitar a posterior tarefa de realizar operacións básicas como a suma e resta sen levar e o redondeo. Á súa vez, poñerase a énfase aos conceptos de maior que e menor que, utilizando os seus signos correspondentes. Proponse que calculen e ordenen distintas cantidades. Desta maneira, o alumnado é consciente da funcionalidade das aprendizaxes adquiridas para aplicalos á súa realidade próxima.	12	20	X		
2	UNA CARRERA CICLISTA	Nesta unidade, o alumnado coñecerá os números ordinais e determinará contextos reais nos que o seu emprego é transcendental. Ademais, os estudantes van seguir ampliando o seu coñecemento numérico a partir da lectura e a escritura dos números do 100 ao 199 e van practicar restas e as sumas con levadas. Ao finalizar a unidade, propónselles a realización dunha actividade na que han de pescudar os datos que faltan nunha táboa para determinar e representar as puntuacións dun xogo.	11	19	X		
3	UNA VISITA AL ACUARIO	Nesta unidade os alumnos e alumnas van familiarizar cos contidos relacionados coas magnitudes referentes ás medidas de capacidade e lonxitude. Coñecerán as primeiras unidades de medida que xurdiron co uso do corpo humano. Aprenderán a	11	19	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	UNA VISITA AL ACUARIO	facen cálculos matemáticos de progresiva dificultade. Ademais, resolverán outras operacións e problemas vinculados coa centena, con réstalas levando, o rexistro en táboas, etc. Ao finalizar, propónselles calcular e comparar a capacidade e cantidade de diferentes recipientes, fomentando así a motivación e a aprendizaxe sensorial das matemáticas.	11	19	X		
4	LA REVISIÓN MÉDICA	Nesta unidade, abórdase o estudo das medidas de lonxitude. Para iso, propónse aos estudantes unha serie de actividades teóricas para presentar os contidos e outras prácticas co fin de que apliquen os seus coñecementos a partir da experimentación e manipulación de ferramentas de medida. Deste xeito, o alumnado aprende de forma significativa, comprendendo que as matemáticas son esenciais para desenvolvernos na nosa vida cotiá. Utilizarán unha clave numérica para descifrar mensaxes, coñecerán os signos para representar a igualdade e a diferenza e reflexionarán sobre as súas dificultades xurdidas no desenvolvemento da unidade.	11	20		X	
5	EN EL MERCADO	Nesta unidade, o alumnado vai utilizar medidas de peso de alimentos e persoas para comparalos e achar as súas equivalencias de forma experimental. Deste xeito, comprenderán a gran utilidade que teñen para desenvolverse en contextos da súa realidade próxima como o mercado. Á súa vez, iniciaranse no rexistro e interpretación de gráficos de barras e afianzarán o cálculo e a descomposición de números de cantidades máis elevadas.	11	19		X	
6	UNA TARDE DE JUEGOS	Nesta unidade, os alumnos van coñecer os polígonos e os seus elementos en diferentes contextos. Realizarán o deseño da figura dun robot empregando diversas formas xeométricas. Resolverán operacións progresivamente máis complexas e descompoñerán números ata o 999. Van adquirir unha serie de técnicas de resolución e análise de problemas cunhas inferencias que requiren un maior razoamento lóxico.	11	20		X	
7	VAMOS DE COMPRAS	Nesta unidade, imos achegar aos nosos alumnos e alumnas ao sistema monetario, de maneira que coñezan a imaxe e o valor de todas as moedas e billetes; aprenderán a manexalo correctamente en situacións de compra. Para iso, propóñense actividades nas que a aprendizaxe se adquire de forma práctica. Iniciaránse na utilización da	12	19			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	VAMOS DE COMPRAS	calculadora para realizar os seus cálculos. Preténdese que poidan adquirir un sentido de responsabilidade con respecto ao diñeiro.	12	19			X
8	NUESTRA CLASE	Nesta unidade, ponse o foco na aprendizaxe e o uso do reloxo dunha forma sistemática e práctica. Como o tempo é un concepto abstracto, as actividades presentadas na unidade utilizan exemplos cotiáns, como a rutina escolar e a familiar. O alumnado vai adquirindo uns coñecementos que lle permitirán ordenar e secuenciar diferentes períodos e tarefas diarias. Ademais da medida do tempo, os alumnos e alumnas traballarán a simetría e os corpos xeométricos, e adquirirán unha serie de habilidades para formular e resolver problemas a través de ferramentas que se utilizan en informática.	11	20			X
9	¡ESTAMOS EN LA PLAYA!	Nesta unidade, o alumnado familiarizarase cos conceptos de probabilidade e estatística a partir da práctica e os razoamentos deductivos. Para que a aprendizaxe resulte máis significativo, todas as actividades están ambientadas en situacións que parten dos seus propios intereses e son próximas á súa realidade. Van interpretar e analizar con máis exactitude os datos recolleitos nun gráfico de barras. Os alumnos e alumnas entenderán a vinculación entre a suma e a multiplicación e iniciaranse no concepto da división para partir da repartición equitativa de elementos. Ademais, o alumnado reflexionará sobre as aprendizaxes que máis lle gustaron ao longo de todo o curso e compartirao cos seus compañeiros.	10	19			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	VAMOS DE EXCURSIÓN	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolve problemas, de forma guiada.	PE	42
CA3.2 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Utiliza estratexias adecuadas á resolución de problemas.		
CA3.3 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realiza conxecturas matemáticas sinxelas.		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Identifica as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Utiliza exemplos de situacións problematizadas sinxelas.		
CA5.2 - Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Recoñece a información contida en problemas da vida cotiá.		
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Utiliza estratexias adecuadas na resolución de problemas.	TI	58
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participa no traballo en equipo		
CA1.2 - Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar a información xeral contida en problemas da vida cotiá próxima ao alumnado.		
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA2.1 - Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Participa, con responsabilidade, no traballo en equipo.		
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente formuladas	Explica as solucións dun problema.		
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Establece relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		
CA3.4 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Utiliza e describe principios básicos do pensamento computacional.		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Utiliza estratexias adecuadas na resolución de problemas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolve problemas, aplicando estratexias básicas.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Identifica as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Contaxe - Estratexias para contar e recontar a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos. - Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe. - Cantidade - Identificación, lectura, escritura e representación (recta numérica, ábaco, bloques multibase e outros materiais manipulativos) de números naturais ata o 999. - Sentido das operacións - Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais. - Medición - Experimentación individual e en equipo con unidades non convencionais presentes no seu contexto cotián e utilización de recursos dispoñibles variados para medir, comparar, atopar equivalencias e diferenzas. - Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos, termómetros) para resolver problemas cotiás e achegarse á medición eficaz (selección do instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades) con explicación verbal e gráfica do proceso seguido. - Estimación e relacións - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiás, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Análise, comparación e descrición de obxectos cotiás e elementos destes, así como de imaxes, cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras (triángulo, cadrado, rectángulo, rombo e círculo), os seus elementos (lados, ángulos e vértices) e as súas propiedades.

Contidos

- Observación, manipulación e xogo para a identificación de simetrías en figuras xeométricas sinxelas e compleción de figuras simétricas.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Resolución en equipo de problemas da vida cotiá relacionados cos outros sentidos matemáticos mediante modelos xeométricos, con elaboración de hipóteses sinxelas, explicación do significado dos datos, contraste dos resultados obtidos e indicación do proceso seguido.
- Modelo matemático
- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas en equipo con debuxos, pictogramas, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións para a súa comprensión, recoñecemento de datos, elaboración e contraste de hipótese, procura do procedemento adecuado, comprobación de solucións e verbalización ou explicación do realizado.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) co uso guiado de estratexias.
- Organización e análise de datos
- Lectura e interpretación de datos en representacións gráficas sinxelas para resolver problemas significativos.
- Resolución de problemas cotiás, familiares e próximos en equipo co emprego de estratexias sinxelas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos e cuantitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos simples e recursos tradicionais manipulables e tecnolóxicos.
- Representación de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais, físicos e escolares), logo da observación e reconto, con gráficas sinxelas (barras, pictogramas) e recursos tanto non convencionais (obxectos cotiás, imaxes, regretas, policubos, encaixables, pezas de construción, bloques...) como convencionais e tecnolóxicos para comunicalos.
- Incerteza
- Distinción, nun ámbito lúdico e cotián, entre suceso posible e imposible e utilización adecuada deses termos.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Expresión oral, gráfica ou escrita das propias emocións ante as matemáticas para identificalas e atopar fórmulas persoais de xestión.
- Técnicas de xestión das emocións ante as matemáticas: escenificación, autocontrol e adestramento positivo para regular a frustración.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea.
- Contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático e a súa contribución a ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
2	UNA CARRERA CICLISTA	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Utiliza exemplos de situacións sinxelas para resolver problemas.	PE	61
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA2.1 - Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Participa, con responsabilidade, no traballo en equipo.		
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA3.2 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Utiliza estratexias adecuadas á resolución de problemas.		
CA3.3 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realiza conxecturas matemáticas sinxelas.		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente.		
CA5.2 - Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Recoñece a información contida en problemas da vida cotiá.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Participa, con responsabilidade, no traballo en equipo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participa no traballo en equipo	TI	39
CA1.2 - Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar a información xeral contida en problemas da vida cotiá próxima ao alumnado.		
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente formuladas	Identificar, entre varias, a solución adecuada a un problema.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Formular problemas, de maneira guiada, relacionados co cotiá.		
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Establece relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realiza conxecturas matemáticas sinxelas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cantidade - Identificación, lectura, escritura e representación (recta numérica, ábaco, bloques multibase e outros materiais manipulativos) de números naturais ata o 999. - Sentido das operacións - Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais. - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados. - Educación financeira - Elaboración e representación de problemas nos que sexa necesario empregar e administrar o diñeiro. - Medición

Contidos

- Experimentación individual e en equipo con unidades non convencionais presentes no seu contexto cotián e utilización de recursos dispoñibles variados para medir, comparar, atopar equivalencias e diferenzas.
- Estimación e relacións
